



Nº EXPEDIENTE: 2025SUBDIREC/000021

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN MÚSICO-CULTURAL “SAN MARTIÑO” DE SALCEDO, PARA O FOMENTO E SOSTEMENTO DAS ACTIVIDADES MUSICAIS E CULTURAIS QUE DESENVOLVA A ASOCIACIÓN NO ANO 2025

En Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica

COMPARECEN:

Dunha parte D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, no exercicio das competencias atribuídas pola lexislación de réxime e da administración local.

E, doutra parte, D. Jorge Manuel Carballo Lareu, como Presidente da Asociación Músico-Cultural “San Martiño” de Salcedo á que representa.

Ámbalas partes interveñen nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para a formalización do presente convenio, e a tal efecto,

EXPOÑEN:

1.- A Asociación Músico-Cultural San Martiño é un amplo colectivo que forma unha gran familia musical constituída pola Banda de Música de Salcedo, a Escola de Música de Salcedo, a Banda Xuvenil de Salcedo, a Coral Polifónica de Salcedo e a Banda Infantil de Salcedo, desenvolvendo actividades fundamentais para achegar ao público xeral as actuacións que desenvolve, potenciando dende a infancia a actividade musical e instrumental. Deste xeito, considérase importante a promoción e cooperación municipal para apoiar, promover e impulsar esta importante labor de carácter peculiar levada a cabo pola Asociación, polos seus coñecementos a súa formación musical e artística, que fan desta entidade unha Banda singular con un interés público que a capacita para transmitir unha serie de coñecementos musicais á cidadanía, Este extremo xustifica a razón excepcional e singular da concesión desta axuda. A Asociación Músico-Cultural “San Martiño”, ten entre os seus fins a promoción, formación, integración social e entretemento dos socios da localidade, sen interese lucrativo algún, labor que veñen desenvolvendo desde a súa creación no ano 1988, levando a cabo unha tarefa formativo-musical entre os xoves do municipio, a través das seccións Banda de Música, Escola de Música, Banda Xuvenil e Coral de San Martiño, a fin de integralos na Banda de música da mesma, que representa unha das seccións máis importantes da Asociación. A Asociación Músico Cultural figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións desde Concello co número 005.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Pontevedra e a Asociación Músico-Cultural “San Martiño” de Salcedo, para o fomento e sostemento de actividades musicais e culturais da Asociación promovendo actuacións diante da cidadanía en xeral e divulgando a súa labor músico-





formativa.

Estas actuacións consistirán en concertos e diferentes actividades formativas tales como cursos instrumentais e de verán, concursos de xoves intérpretes, escola de música, audicións, ciclo de bandas.....etc, propiciando o achegamento da cultura musical á cidadanía. Así a acción da Administración Municipal non só consiste na promoción da actividade dunha entidade particular sen ánimo de lucro considerada de utilidade xeral a través da achega dunha contribución económica, senón tamén de facilitarlle as actuacións en eventos puntuais para poder expresar e divulgar ante a cidadanía a expresión musical, inherente a unha vocación artística.

A Asociación Músico-Cultural “San Martiño” de Salcedo, ven colaborando desde fai anos coa Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Pontevedra, coa realización de diversos concertos no rural, concertos en festas e concertos de carácter socio-cultural. A organización destas actividades obxecto do presente convenio corresponden en exclusiva á Asociación músico-cultural “San Martiño” de Salcedo, o que imposibilita a concorrencia con outras entidades.

2.- O art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificado pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e o art. 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, para engadir no apartado 2 m) da citada Lei 27/2013, que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias a promoción da cultura e equipamentos culturais. Tomando en consideración as competencias subliñadas e as complementarias propias doutras Administracións Públicas, como son, en particular, á educación e á cultura e mesmo os tradicionais conservatorios de música, consonte aos artigos 28 da Lei 7/85 e 86.1.a) e b) da Lei 5/97, o Concello de Pontevedra atende ao fomento e promoción das actividades musicais, posibilitando a expresión e divulgación desa forma da arte perante ante a súa veciñanza.

3.- A tal fin, no marco das competencias en materia cultural e de ocupación do tempo libre, segundo os artigos antes citados, este Concello comprometeu no seu orzamento xeral para 2025 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades e concertos no noso municipio. Deste xeito, no Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo Concello, para este ano, figura a concesión directa desta subvención.

O Concello de Pontevedra pretende, mediante o presente Convenio de Colaboración coa Asociación Músico-Cultural San Martiño un dobre obxectivo: por unha parte favorecer a continuidade das actividades Banda de Música de Salcedo, da Escola de Música, da Banda xuvenil e da Coral de Salcedo. Fundada, como forma de manifestación artística claramente vencellada e arraigada ao longo do tempo á realidade da cultura pontevedresa e, por outro lado, propiciar o achegamento da cultura musical ao groso da poboación. A acción da Administración Municipal límitase a promover a actividade de formación e expresión musical que realiza a Asociación, a través da achega dunha contribución económica.





4.- A organización dos eventos subvencionables obxecto do presente convenio corresponde en exclusiva á Asociación músico-cultural San Martiño de Salcedo, o que imposibilita a concorrencia con outras entidades culturais e musicais.

5.- O Convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da corporación na sesión do 17.09.2004 (BOP nº190 do 30.09.2004), baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006 de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En base ao exposto, ambas partes intervenientes, baixo o pleno recoñecemento da independencia e autonomía propia e da capacidade e personalidade xurídica que posúen, declaran a súa vontade de cooperar no fomento da divulgación e sostemento da expresión artística das actividades musicais e culturais da citada asociación, para o que a natureza e carácter do Convenio de Colaboración constitúe instrumento acaído para abordar eses obxectivos pretendidos, a cuxo fin subscriben este documento consonte coas seguintes cláusulas

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención directa de carácter nominativo, das previstas no art.22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que outorga o Concello de Pontevedra á Asociación Músico Cultural San Martiño de Salcedo, para facilitar o desenvolvemento formativo dun colectivo de persoas na arte musical, a aprendizaxe da práctica instrumental ou/e vocal, proporcionando estas habilidades á cidadanía en xeral, mediante a realización de distintas actuacións e concertos públicos que se desenvolven por medio da súa banda de música entre os meses de xaneiro e outubro.

Obxecto: Promoción da cultura e ocupación do tempo de lecer.

Actividade subvencionada e período de realización: A actividade subvencionada é a de promover a realización de diversas actividades e actuacións que leva a cabo a asociación, fundamentalmente os concertos levados a abo pola súa banda de música, a súa coral polifónica e a súa banda de música xuvenil.

Estas actuacións terán lugar, tal e como establece a asociación na súa memoria, ente o 5 de xaneiro e o 25 de outubro de 2025 e entre os obxectivos que se pretenden está a divulgación artística e musical das actividades formativas e concertos, que se desenvolverán nos meses de maior afluencia de público e nos que a programación de actividades e maior e complementa a oferta cultural e festiva que directamente programa o Concello.





Ditos concertos e actividades son as seguintes:

- Participación da Banda de Música de Salcedo na Cabalgata de Reis
- VIII Concurso Ángel Nogueira de xóvenes intérpretes da Escola de Música de Salcedo
- Concerto de Primavera a cargo da Banda de Música de Salcedo
- Concerto conmemorativo do Día das Letras Galegas ofrecido pola Banda de Música de Salcedo no Teatro Principal.
- Concerto da Banda Xuvenil de Salcedo no XVIII Ciclo de Bandas na Alameda de Pontevedra
- Concerto da Coral Polifónica de Salcedo no Teatro Principal de Pontevedra
- Concerto da Banda de Música de Salcedo na Alameda para clausurar o ciclo de bandas de música.
- Concerto da Banda de Música de Salcedo nas inmediacións da Basílica de Santa maría para conmemorar esta festividade.
- Concerto de San Bartolomeu na Praza de José Martí a cargo da Banda de Salcedo.
- Concerto de outono da Banda Xuvenil de Salcedo na casa verde de Salcedo.

Segunda.- Importe da subvención

O Concello de Pontevedra, comprométese a aportar como achega económica a cantidade máxima de 42.000,00 €, para colaborar e fomentar a divulgación artística e musical entre os veciños do municipio, promovendo a práctica de actividades musicais e culturais no noso municipio.

A porcentaxe subvencionable polo Concello non poderá exceder, con carácter xeral, do 50% do custo da actividade.

Neste caso, o Concello de Pontevedra comprométese a aportar unha subvención, por importe de 42.000 €, para colaborar nos gastos, representando un 49,98% do orzamento de gastos presentado pola asociación na documentación aportada.

A achega municipal efectuarase con cargo á partida do orzamento xeral do Concello que se detalla tendo emitido informe a Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito na dita aplicación orzamentaria.





Aplicación	Operación contable	Importe
09/3340/48903	-----	42.000,00 €

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade, Neste caso, na xustificación da subvención deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

Terceira.- Obrigas da entidade beneficiaria

A entidade Asociación Músico-Cultural “San Martiño” de Salcedo comprométese a destinar a subvención ao desenvolvemento da actividade descrita e está obrigada a destacar en lugar preeminente a colaboración económica ou patrocinio do Concello de Pontevedra, tanto nos libros, folletos, carteis, informacións, material e documentación en xeral, así como nos anuncios de difusión das actividades.

A entidade Asociación Músico-Cultural “San Martiño” de Salcedo ten a condición de organizadora e promotora exclusiva da actividade subvencionada, limitándose a colaboración do Concello a achega da subvención comprometida. Esta administración está eximida de calquera responsabilidade civil que poida derivarse da realización dos concertos.

A entidade beneficiaria poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, pero non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

Segundo o disposto no art. 8 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, as persoas organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas, deben contratar a póliza de responsabilidade civil, independentemente da que tamén teñan contratada as persoas titulares dos establecementos ou espazos abertos ao público onde se leven a cabo os espectáculos ou actividades recreativas.

Ao abeiro do disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere as contías establecidas na Lei 30/2007, de 30 de Outubro, de Contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deterá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores. A elección das ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu





caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, no caso de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

De conformidade co art.33 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.

Faise constar expresamente que o persoal da Asociación Músico-Cultural “San Martiño” de Salcedo e en calquera das súas seccións non ten ningún tipo de relación laboral co Concello de Pontevedra. Asumindo a mentada Asociación a condición de entidade organizadora das actuacións da súa Banda de Música ou de calquera outra actividade das súas seccións de xeito que resulte aquela a entidade responsable do cumprimento das obrigas laborais e fiscais do persoal da Banda sen que a Administración Municipal teña vinculación profesional, laboral, contractual ou administrativa algunha nin responsabilidade ao respecto nin de abono de cantidade algunha para cubrir calquera risco, dano ou eventualidade

Cuarta.- Obrigas e compromisos do Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra comprométese á concesión da subvención por importe de 42.000,00 € para colaborar no fomento e sostemento das actividades musicais e artísticas levadas a cabo pola Asociación, a través da súa Banda xuvenil, Escola de música e Banda de Musica, que supoñen a expresión lúdica e tradicional da nosa cultura e acercan a música aos veciños do municipio.

O Concello facilitará os espazos públicos da súa titularidade para a realización dos concertos e actividades previstas e divulgará a través dos seus canles de difusión e comunicación as actividades conveniadas para que poidan ser coñecidas e accesibles para a cidadanía.

Quinta.- Subcontratación da actividade

A persoa beneficiaria terá que realizar por si mesma a actividade subvencionada, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando ditos medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios, sen que poida utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo que non poden prover por eles mesmos, aumentando así o prezo final facturado.

Sexta.- Posibilidade de anticipo.

Non cabe neste convenio posibilidade de anticipo.

Sétima.- Gasto subvencionable.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dende o 1 de xaneiro de 2025, período necesario para a





preparación dos concertos e actuacións e xustificación.

A subvención do Concello poderá destinarse aos conceptos ou gastos correntes de que se determinan pola beneficiaria na súa relación de gastos, que é o orzamento aceptado polo Concello para a concesión da subvención.

Para que os gastos xustificadas poidan considerarse subvencionables deberán cumprir estas normas:

- a) Os gastos de comidas, aloxamento e viaxes poderán ser subvencionables, cando sexan estritamente necesarios e estean directamente vencellados ao programa ou proxecto que se subvenciona.
- b) Os tributos son gastos subvencionable cando a beneficiaria os abona efectivamente. O IVE soportado, que deberá constar desagregado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.
- c) Os gastos de persoal poderán subvencionarse cando estea dedicado directamente á organización e desenvolvemento da actividade subvencionada, gastos que poderán incluír os custos derivados do pago das retribucións ao persoal vinculado a cada actividade, así como o persoal de colaboración ou semellante, segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

Non poderán incluírse neste concepto os gastos orixinados polas persoas integrante da xunta directiva da asociación, derivado do exercicio de esas funcións.

En ningún caso existirá relación de servizo ou laboral algunha entre o persoal que preste os seus servizos para a entidade beneficiaria e o Concello de Pontevedra.

- d) Poderán ser subvencionables os gastos de asesoría fiscal, laboral ou contable, cando teñan relación directa e sexan necesarios para a realización do proxecto ou actividade subvencionada.
- e) Gastos indirectos: Son aqueles gastos que afectan ao funcionamento de toda actividade da entidade. Beneficiaria en xeral (luz, limpeza, subministros en xeral....). Os custes indirectos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no periodo en que se desenvolva a actividade.

Oitava.- Seguimento da subvención.

Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue e o presidente da asociación.

Novena.- Xustificación da subvención





O pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria xustifique axeitadamente a realización da actividade para a que se lle outorgou a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora da subvención, fundamentalmente no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra.

A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención nos termos establecidos no art. 19 da Ordenanza municipal de subvencións, na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo máximo para presentar esa xustificación será o 15.11.2025. No caso de incumprimento do calendario das actividades conveniadas e a súa xustificación ou a extinción do convenio por causa distinta a expiración polo período de vixencia, tal e como establecen os arts. 50 e seguintes da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público e os arts. 199.f) e g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, minorarase proporcionalmente a cantidade a percibir pola Asociación.

O tipo de xustificación será conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto adaptada ao disposto no presente convenio.

A documentación a presentar será a seguinte:

- Solicitud de pagamento da subvención
- Memoria detallada das actividades subvencionadas que deberá estar asinada
- Xustificación documental do gasto que acredite o financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (folletos, dípticos, carteis..)
- Certificacións acreditativas de estar ao corrente coas Facendas estatal, autonómica e coa Seguridade Social.
- Relación desagregada de todos os gastos (con indicación das facturas ou dos documentos xustificativos dos gastos).
- Relación total de ingresos da actividade subvencionada
- Declaración doutras subvencións recibidas para o mesmo fin e contía das mesmas en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrência con outras subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.
- Documentación xustificativa da subscripción do seguro de responsabilidade civil tal e como





establece o art. 8 da Lei 10/2017

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes, foron aplicadas á actividade subvencionada.

As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán a xustificación documental que acredite o seu pago.

Así mesmo, segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, modificada pola Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante de transferencia bancaria.

Décima.- Comprobación da subvención.

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a entidade beneficiaria está obrigada a facilitar tanta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia

Undécima - Publicidade e difusión da subvención.

A Asociación deberá dar publicidade da subvención concedida polo Concello e do carácter público do financiamento das actividades. Así, deberá destacar en lugar preeminente a colaboración do Concello de Pontevedra, na documentación das actuacións e concertos, no material e anuncios das actividades a realizar, mediante a inserción da imaxe corporativa do Concello de Pontevedra.

Duodécima .- Protección de Datos de carácter persoal

As partes asinantes fan constar, de maneira expresa, que cumprirán coa normativa de protección de datos, establecida na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo cal se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (RLOPD), en todo aquilo que non contradiga a normativa vixente, así como o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola cal se derroga a Directiva 95/46/CE.

Neste sentido, só se poderán tratar os datos persoais facilitados para a realización das actividades obxecto do convenio nos termos que se establecen nas anteriores normas, e, no seu caso, de acordo coas instrucións facilitadas polo Delegado de protección de datos do Concello de Pontevedra.





Concretamente, as partes asinantes fan constar, de maneira expresa, que adoptarán e aplicarán as medidas organizativas e técnicas necesarias para garantir a seguridade dos datos aos cales accedan como consecuencia das actuacións que son obxecto deste Convenio.

2. A entidade beneficiaria e as persoas que se integren nesta, así como o persoal que teña ao seu cargo obríganse a gardar reserva respecto dos datos ou antecedentes relacionados co obxecto do convenio, e quedan obrigadas a gardar segredo e sixilo sobre os datos aos que poidan ter acceso con ocasión do cumprimento do convenio, obriga que subsiste incluso unha vez que se extinga o convenio

Décimo terceira.- Vixencia e causas de extinción

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e terá unha vixencia que se limitará a este ano, sen que poida prorrogarse.

Serán causas de extinción deste Convenio a realización do seu obxecto, a inviabilidade da realización da actuación pretendida por causas non imputables ás partes, así como o incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas, mediando neste caso denuncia previa das partes asinantes.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos establecidos no convenio por parte da entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.

Décimo cuarta.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola normativa reguladora das subvencións públicas que se indica na cláusula primeira, pola Lei 40/2015, pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006, polas cláusulas que se inclúen neste convenio, polas Bases de Execución do orzamento do Concello de Pontevedra e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A falta de entendemento premio pola Comisión de Seguimento as partes quedan sosmetidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.

